

CALENDARIO COMPETENCIAL 2025-2026

SECUNDARIA





Mosteiro de Aciveiro. Concello de Forcarei

Setembro 2025

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Hechizados (Netflix)

PROPOSTAS DE LITERATURA

Dúas bágoas por Máquina, Fina Casalderrey; *Idol!*, Alba Chan

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

Yo soy Nevenka, Iciar Bollaín; *El encargado* (Disney +); *Rapa*
Los ojos dejan huellas (1952); *Pickpocket*, Robert Bresson (1959)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

As augas interiores, Blanca Riestra; *Pel de cordeiro*, Leticia Costas

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1 Buscar campañas solidarias que se realizan no teu concello e contribuír con propostas	2 Buscar información sobre o que é unha horta solar e localizar algunha pola zona	3 Investigar sobre diferentes maneiras de reducir residuos	4 Analizar e reflexionar sobre fotografías de antes e de agora da túa localidade e valorar a sostiabilidade	5 Buscar e entrevistar responsables de empresas de paneis solares	6 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	7 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
8 Organizar diferentes colectores para a recollida selectiva de lixo	9 Reflexionar criticamente sobre unha obra de cine analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe	10 Deseñar e publicitar un proxecto para utilizar terras sen cultivar na túa comarca	11 Analizar conflitos entre os pobos e realizar un informe	12 Indagar sobre as condicións de traballo doutras persoas	13 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	14 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
15 Deseñar unha mensaxe publicitaria empregando recursos visuais	16 Colaborar cunha ONG para apoiar mulleres en situación de desemprego	17 Crear un <i>podcast</i> ou cuña publicitaria argumentativa sobre alimentación	18 Investigar e deseñar un informe sobre o patrimonio natural e cultural da zona	19 Crear unha pequena redacción sobre un descubrimento científico do século XVIII	20 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicación da receita Ver a película <i>Forrest Gump</i> , sobre a guerra de Vietnam, e gravar un audio coa túa valoración para as amizades e a familia ou para colgalo na túa canle de YouTube	21 Fotografar pontes da contorna
22 Crear un mapa da zona con recursos naturais, culturais e sociais	23 Calcular e analizar o uso de carburantes de toda a clase para ir ao colexio e extraer as súas consecuencias	24 Realizar un informe oral en tres linguas sobre o beneficio do uso da enerxía solar	25 Deseñar un informe sobre a necesidade de reducir o consumo das prendas de vestir	26 Deseñar argumentos para transformar prendas de vestir e darlles unha nova vida	27 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopass de letras ou participar en xogos de mesa (Hitstar, Cubirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	28 Crear <i>podcast</i> /cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial ...
29 Realizar fotografías con diferentes encadramentos e puntos de vista transmitindo mensaxes	30 Crear un informe metereolóxico do que vai de mes					



Castelo de Sobroso. Concello de Mondariz

Outubro 2025

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Flow, un mundo que salvar

PROPOSTAS DE LITERATURA

El diario de la peste, Espido Freire; *O rescate do unicornio*, Ana Vigo

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

El 47, Marcel Barrena; *Weiss & Morales* (RTVE);
Vivre sa vie, Jean-Luc Godard (1962); *O home tranquilo*, John Ford (1952)
Shichinin no samurai, Akira Kurosawa (1954)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Persépolis, Marjane Satrapi; *Mirafiori*, Manuel Jabois

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1 Realizar unha exposición sobre hábitos de vida saudable relacionados coa hixiene e coa alimentación	2 Indagar sobre o funcionamento de diferentes aparellos, obxectos ou máquinas que se empreguen no fogar e as precaucións que hai que tomar para usalos	3 Investigar sobre a industria téxtil ou alimentaria sostible	4 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	5 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
6 Calcular o gasto enerxético que supón ir no coche ao colexio	7 Crear un libro de palabras fermosas para amigas, amigos, familiares...	8 Indagar sobre a recollida selectiva do lixo e crear un póster-mapa cognitivo explicando como se realiza e as cores empregadas nos recipientes	9 Indagar sobre o percorrido das prendas de téxtiles desde a súa orixe ata que chegan ás mans das e dos consumidores	10 Realizar conversas telefónicas en inglés con familiares e amizades	11 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	12 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
13 Enumerar dez libros escritos por mulleres	14 Pescudar en contos as palabras que máis gustan (longas, curtas, nomes de personaxes...) e rexistralas	15 Indagar, reflexionar, argumentar e crear un informe sobre os beneficios do bo clima familiar e das boas relacións	16 Recompilar e analizar os datos obtidos a través de ferramentas dixitais	17 Limpar e ordenar o cuarto e o baño	18 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	19 Fotografar lavadoiros da contorna
20 Realizar un maratón de cálculo mental en familia	21 Crear un álbum de fotos de familiares, compañeiras, compañeiros, profesorado...	22 Buscar personaxes infantís femininos en libros identificando o seu rol na historia e crear un proxecto audiovisual	23 Crear un decálogo de consumo sostible e entrevistar responsables de empresas e persoas que teñan no seu fogar paneis solares e publicitar a entrevista nas redes sociais	24 Conversar xuntos sobre conflitos entre os membros da familia e como se puideron solucionar de forma positiva	25 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Hitstar, Cubirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	26 Crear <i>podcast</i> /cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial ...
27 Escoller dous anuncios de televisión e comentalos na cea analizando a súa utilidade	28 Crear textos orais e escritos para convidar ao magosto	29 Crear unha cuña publicitaria positiva para convidar a cidadanía a unha festa de Samaín ou a un magosto familiar destacando a importancia da festa nun informe oral, gráfico ou escrito	30 Divulgar o informe final sobre sostibilidade a través das redes sociais, medios de comunicación e web do centro	31 Apagar os electrodomésticos e aparellos que estean en modo espera e facer unha estimación de aforro		



Castro Landín. Concello de Cuntis

Novembro 2025

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Wolfgang

PROPOSTAS DE LITERATURA

A excursión a Cans. Unha veciña de película, Iria Misa

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

Marco, Aitor Arregi Galdós e Jon Garaño; *El caso Asunta* (Netflix);
Wichita, Jacques Tourneur (1955);
Four Faces West, Alfred E. Green (1948)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Maus, Art Spiegelman; *Cuando la tormenta pase*, Manel Loureiro

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	2 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
3 Entrevistar médicas e médicos para coñecer ámbitos de saúde e rexistrar a entrevista coas informacións máis relevantes	4 Crear un <i>podcast</i> sobre o control do tempo de ducha e incorporar solucións para reducir o tempo ou o gasto de auga	5 Realizar un vídeo con alimentos da zona, tanto da terra coma dos bosques, ríos e mares	6 Organizar unha carreira solidaria coa doazón de alimentos non perecedoiros deseñando a cartelería e as cuñas publicitarias	7 Crear un decálogo para erradicar a fame Crear e realizar unha ruta por contornas naturais da zona e publicitala nos medios de comunicación	8 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	9 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
10 Crear un decálogo de consumo responsable de medicamentos e antibióticos	11 Localizar información e comparar movementos artísticos europeos	12 Deseñar un documento con imaxes para visibilizar a fame no planeta e promover accións para a súa erradicación Indagar se na túa familia viviron situacións de fame ou escaseza de alimentos	13 Buscar información sobre a fame no mundo Entrevistar unha ou un poeta e indagar sobre o proceso creativo	14 Analizar o uso de papel, cartón e plástico no teu fogar e no colexio e realizar propostas para reducir o seu consumo nun cartel, vídeo ou infografía	15 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicación da receita	16 Fotografar fontes da contorna
17 Investigar e analizar a presenza da violencia contra a muller en distintos contextos e elaborar unha carta ou <i>podcast</i> con propostas para erradicar a violencia de xénero dirixidos a representantes municipais	18 Comparar a situación da muller no século XX e no século XXI	19 Analizar nunha mesa de expertos con autoridades e persoas expertas comportamentos machistas ou estereotipos de xénero no cine, nas cancións, na literatura... e na vida cotiá	20 Recompilar e analizar os datos obtidos a través de ferramentas dixitais	21 Divulgar o informe final sobre sustentabilidade a través das redes sociais, medios de comunicación e web do centro Buscar estratexias para contribuír á conservación de animais en perigo de extinción e crear un texto expositivo	22 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Hitstar, Cubirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	23 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial...
24 Fotografar as caras dos membros da familia expresando medo, alegría, susto, enfado... e crear un álbum empregando as TIC	25 Indagar sobre a numeración que aparece na etiquetaxe dos ovos (0,1,2,3) e preparar un debate familiar sobre o tema	26 Realizar unha gráfica da actividade física que fan os membros da familia argumentando os beneficios do deporte para a saúde	27 Comentar analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XX na túa zona	28 Explicar nun texto expositivo a intervención humana nos procesos da erosión, sedimentación ou meteorización	29 Revisar os medicamentos que hai na casa e comprobar para que serven	30 Analizar o relevo da zona e crear un documento con imaxes



Ruta da Pedra e da Auga. Concello de Ribadumia

Decembro 2025

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

La vida breve (Movistar)

PROPOSTAS DE LITERATURA

Canta, miña compañeira, María Lado

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

Flow, un mundo que salvar; Lume (2025);

River of No Return, Otto Preminger (1954); *Montana Belle*, Allan Dwan (1952)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Ata que a morte nos separe, Elena Gallego Abad;

Asasinato na casa rosa, Arantza Portabales

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1 Localizar un libro na biblioteca municipal durante a semana e lelo durante o mes	2 Crear un decálogo sobre a conservación dos ríos, praias, regatos e encoros da zona	3 Conversar sobre as causas do éxodo rural ou da emigración e crear un <i>podcast</i> ou texto escrito	4 Indagar sobre a influencia do clima na vida das persoas	5 Deseñar e crear un póster (dixital ou non) sobre a visión da familia acerca dos dereitos humanos	6 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	7 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
8 Deseñar cuñas ou <i>podcast</i> para concienciar a cidadanía sobre o consumo responsable de alimentos	9 Deseñar un conto con imaxes, debuxos ou ilustracións e gravar un audio coa historia que se pegará na portada cun QR	10 Deseñar e elaborar un cartel (dixital ou non) co decálogo de dereitos e deberes para imprimilo e pegar por diferentes lugares do concello no Día Universal da Infancia	11 Situar nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial e como inflúen no clima	12 Reflexionar sobre os alimentos que estean no frigorífico lendo as etiquetas e debatendo sobre eles	13 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	14 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
15 Crear descrições sobre os membros da familia	16 Crear un informe oral ou gráfico con accións que promovan a saúde	17 Conversar sobre a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de mulleres e homes e crear un informe oral ou escrito	18 Recompilar e analizar os datos obtidos a través de ferramentas dixitais	19 Felicitarlles as festas de Nadal ás amizades a través do correo postal, do correo electrónico, do WhatsApp e das redes sociais	20 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Hitstar, Cubirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	21 Fotografar árbores senlleiras Planificar en familia a cea de fin de ano e o xantar de Aninovo e realizar unha invitación a través dun audio ou vídeo
22 Investigar sobre as metas mundiais ata o 2030 relacionadas coa auga e crear un <i>dossier</i> , un documento ou un informe oral	23 Fotografar persoas expresando diferentes emocións e realizar unha colaxe	24 Colaborar na cea familiar e rexistrar o proceso de forma oral a través dun audio	25 Investigar sobre produtos ecolóxicos e realizar unha lista de establecementos da zona que vendan produtos dese tipo	26 Analizar desvíos nos gastos e buscar as fórmulas para melloralos	27 Analizar a carteleira de cine e realizar unha valoración para animar o público a ver unha película	28 Colaborar na organización da festa familiar e na elaboración do menú
29 Crear un cadro con materiais de refugallo (teas, papeis, cartóns...)	30 Seleccionar unha banda sonora con letra en inglés para usar como música de ambiente durante a cea	31 Ver fotos da familia para identificar os seus membros e asociar os nomes e o tipo de parentesco realizando unha árbore xenealóxica con fotos				



A Serra do Cando. Capela de Santa Mariña. Concello da Lama

Xaneiro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Los años nuevos (Movistar)

PROPOSTAS DE LITERATURA

Luces de Naheiría (Trilogía), Beatriz de Sara

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

La sustancia, Coralie Fargeat; *La vida breve* (Movistar)

Fort Apache, John Ford (1948);

Montana Belle, Allan Dwan (1952)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Ítaca, María Besteiros; *O soto dos catro ventos*, María Oruña

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1 Doarlle prendas de vestir en desuso a colectivos desfavorecidos	2 Crear un vídeo ou unha infografía sobre o uso responsable de aparellos no fogar	3 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	4 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
5 Debater coa familia sobre os dereitos e os soldos das e dos traballadores	6 Localizar e fotografar na túa contorna lugares históricos e monumentos e despois crear un vídeo ou unha infografía	7 Debater en familia sobre o consumo na época de Reis	8 Identificar se as enerxías que se consomen na túa casa proveñen de fontes renovables	9 Indagar sobre a importancia das vacinas para a humanidade	10 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	11 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
12 Analizar as infraestruturas da túa zona ou país	13 Localizar nun xornal de prensa escrita ou dixital unha noticia relacionada co Parlamento español ou co galego	14 Deseñar un concurso de inventos con premios sostibles	15 Recompilar información sobre inventos empregando ferramentas dixitais en tres linguas	16 Presentación aos medios de comunicación e á comunidade educativa do centro sobre o informe final (a través das redes sociais)	17 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cocíñar en familia, gravación e publicación da receita	18 Fotografar relevos da contorna
19 Realizar un debate familiar sobre o papel da educación na vida dos seres humanos	20 Doarlle a unha ONG alimentos polo valor do aforrado na non adquisición de bolsas de plástico	21 Entrevistar autoridades municipais, provinciais ou autonómicas sobre necesidades de infraestruturas da contorna publicitándoas nas redes sociais, medios de comunicación e web do centro	22 Realizar unha lista de lugares da zona que vendan produtos ecolóxicos	23 Crear un documental sobre todos os premios nobel da paz	24 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Hitstar, Cubirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	25 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial...
26 Crear unha infografía coas mulleres que recibiron o Premio Nobel da Paz	27 Indagar e reflexionar sobre o impacto medioambiental do consumo nas festas do Nadal	28 Indagar sobre produtos de limpeza biodegradables e crear un texto expositivo oral ou escrito e crear unha lista de produtos contaminantes	29 Indagar sobre as infraestruturas doutras zonas ou países Realizar unha ecoauditoría do uso responsable da auga no fogar ou centro educativo	30 Observar o cadro de Picasso <i>O Guernica</i> e cambiarlle o título segundo o que che suxiran as e os personaxes do lenzo	31 Reflexionar sobre accións para garantir a paz e que deberían promover os gobernos	



Redondelo. Concello das Neves

Febreiro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Querer (Movistar)

PROPOSTAS DE LITERATURA

One Piece, Eiichiro Oda

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

Cónclave, Edward Berger; *Los años nuevos* (Movistar)

O gran combate, John Ford (1964);

Río Conchos, Gordon Douglas (1964)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Herba, Keum Suk Gendry-Kim; *Algúns contos completos*, Domingo Villar

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
2 Doarles prendas de vestir en desuso a colectivos desfavorecidos	3 Buscar estereotipos de xénero en cancións	4 Buscar unha ONG para colaborar e argumentar a decisión	5 Gravar un vídeo ou crear un póster sobre a necesidade de traballo decente, inclusivo, sostible, igualitario e digno	6 Colaborar con algunha ONG Colaborar na elaboración de pratos de comida saudables no fogar e rexistrar o proceso	7 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	8 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
9 Indagar sobre alimentos saudables e crear unha cuña publicitaria	10 Analizar menús en locais de hostelería da túa zona elaborando e publicitando receitas saudables con peixe	11 Realizar un rexistro de almorzos saudables dos membros da comunidade educativa e divulgar o informe final	12 Identificar as necesidades de cada ecosistema e crear un <i>podcast</i>	13 Presentación aos medios de comunicación e á comunidade educativa do centro sobre o informe final (a través das redes sociais)	14 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	15 Fotografar patrimonio escultórico
16 Buscar medidas para a redución de CO ₂ no transporte escolar e indagar sobre tendas que vendan produtos con residuos cero	17 Calcular e analizar o uso de carburante de toda a clase para ir ao colexio e extraer as consecuencias deste	18 Escoller unha ou un personaxe histórico do contexto da Guerra Fría e elaborar o seu perfil de Instagram con información de fontes diversas analizando os datos obtidos a través de ferramentas dixitais	19 Recompilar poesías e cancións que falen da auga e realizar unha publicación	20 Crear un lema ou cuña para a redución do consumo de enerxía Conversar, analizar e reflexionar en familia sobre as novas do telexornal	21 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicación da receita	22 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial...
23 Investigar sobre o golpe de Estado do 23F e sintetizar nun texto a información atopada	24 Enviarlle sementes a unha ONG que traballe con países ou colectivos desfavorecidos	25 Crear unha campaña para promover a doazón de alimentos	26 Investigar as achegas de Rosalía de Castro ao mundo da muller a través dos seus poemas Facer unha lista de profesións e dos estudos que se precisan para exercelas	27 Elaborar un mural ou cuña publicitaria sobre o quecemento global	28 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Hitstar, Cubirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	



Pesqueiras do río Miño. Concello de Arbo

Marzo 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Celeste (Movistar)

PROPOSTAS DE LITERATURA

Heartstopper, Alice Oseman

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

Vidas pasadas, Celine Song; *A nadadora*, Sandra Sánchez
Hondo, John Farrow (1953); *The Lone Hand*, George Sherman (1953)
Veracruz, Robert Aldrich (1954)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Nevada Smith, Henry Hathaway (1966); *Mariposas negras*, David Baute

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
2 Indagar e divulgar sobre a vida da muller en épocas pasadas e realizar unha comparación coa actual	3 Entrevistar autoridades locais, municipais ou autonómicas sobre o papel da muller na sociedade actual	4 Deseñar un libro con textos expositivos sobre biografías dos premios Nobel de Medicina	5 Realizar unha andaina coa familia e recoller residuos contaminantes	6 Expoñer as características dos microorganismos causantes das doenzas infectocontaxiosas	7 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	8 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
9 Ver a película <i>La ola</i> e reflexionar en familia sobre os totalitarismos e as súas posibles consecuencias	10 Investigar de onde vén a froita que comemos e analizar a contaminación xerada para transportala e chegar aos puntos de venda	11 Investigar sobre os estereotipos de xénero na literatura, na publicidade e na vida cotiá Realizar un informe sobre os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado	12 Indagar sobre o traballo produtivo e o pleno emprego das mulleres na túa contorna recopilando datos através de ferramentas dixitais e crear unha cuña publicitaria sobre o papel da muller na vida actual	13 Divulgar o informe final sobre o papel da muller na sociedade actual a través das redes sociais, medios de comunicación e web do centro	14 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro Ler poemas escritos por mulleres e identificar a súa temática	15 Fotografar patrimonio pictórico Realizar un mural ou unha infografía sobre tipos de enerxías e combustibles e destacar os máis contaminantes
16 Visitar un bosque da zona e identificar o que está contribuíndo á súa destrución	17 Conversar coas túas avoas e avós sobre as infraestruturas actuais e as de antes	18 Revisar os xogos e xoguetes ou prendas de vestir e realizar unha selección dos que non empregues para doalos a unha ONG se están en bo estado	19 Investigar de onde vén a carne que comemos e analizar a contaminación xerada para transportala e chegar aos puntos de venda e buscar medidas para reducir o CO ₂ dos medios de transporte	20 Localizar os tipos de enerxía empregados para cociñar Indagar en series de televisión diferentes épocas ou momentos históricos	21 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicación da receita	22 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial... Crear un decálogo para un consumo responsable da auga
23 Indagar e localizar textos teatrais en galego e realizar unha cuña publicitaria	24 Realizar un vídeo, cartel ou infografía sobre pratos típicos doutros países e argumentar a importancia das profesións da gandeiría e da agricultura	25 Buscar algún monumento do patrimonio histórico da túa cidade e elaborar unha crítica (favorable ou desfavorable) sobre o seu actual estado de conservación	26 Indagar sobre as diferentes culturas que hai no teu centro: costumes, alimentación, danzas, música, lingua etc. e crear un vídeo, infografía, cartel...	27 Entrevistar responsables das infraestruturas do teu concello, localidade, barrio... visibilizando as necesidades	28 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Hitstar, Cubirds, Cortex, Railroad, Quickstop ...)	29 Buscar países con crises alimentarias e localizar alimentos que non existan alí
30 Realizar unha lista de produtos de primeira necesidade	31 Crear un lema ou unha cuña para promover a redución do consumo de enerxía					



Castelo de Soutomaior. Concello de Soutomaior

Abril 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Paradise (Disney +)

PROPOSTAS DE LITERATURA

Nimona, ND Stevenson

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

La habitación de al lado, P. Almodóvar; *El encargado* (Disney +);


Stranger on Horseback, Jacques Tourneur (1955);

Tennessee Partner, Allan Dwan (1955)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

O clan das barbies, Antía Yañez; *Ninguén contará a verdade*, Pedro Feijoo

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1 Realizar un vídeo con alimentos da zona, tanto da terra coma dos bosques, ríos e mares	2 Deseñar unha cuña publicitaria con estratexias para promover a saúde	3 Realizar un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou da busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas	4 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	5 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
6 Deseñar un texto enumerativo coas condicións dun planeta para que poida albergar vida	7 Realizar unha lista de malas prácticas no teu fogar sobre alimentación, reciclaxe e consumo irresponsable de luz e auga	8 Indagar sobre o mal uso dos espazos de lecer e crear unha cuña publicitaria poñendo en valor o coidado dos espazos comunitarios	9 Gravar un vídeo ou crear un póster sobre a necesidade de traballo decente, inclusivo, sostible, igualitario e digno	10 Relacionar países e continentes con diferentes ecosistemas	11 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	12 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
13 Relacionar países e continentes con diferenzas ecosistemas e formas de vida valorando as diferenzas coas da nosa contorna	14 Elaborar un cartel con accións para consumir a auga de forma responsable Deseñar un cronograma de tarefas corresponsables e menús saudables	15 Realizar un cálculo para resolver problemas empregando o concepto de velocidade media ou velocidade e espazo	16 Crear un texto argumentativo ou expositivo establecendo as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables coma non renovables	17 Rexistrar usos axeitados e desaxeitados da auga e da luz no fogar Crear unha infografía ou cartel con alimentos de consumo diario moderados ou puntuais	18 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicación da receita	19 Fotografar patrimonio arquitectónico
20 Explicar a corrente eléctrica e a súa importancia na vida cotiá dos seres humanos	21 Realizar un debate familiar sobre a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento	22 Analizar e crear un texto expositivo ou argumentativo sobre o significado da romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos	23 Revisar aparellos electrónicos en desuso e reciclalos	24 Divulgar un informe sobre o uso responsable de luz e auga a través das redes sociais, medios de comunicación e web do centro e crear un <i>podcast</i> sobre o consumo responsable de auga, luz e papel en tres linguas	25 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Hitstar, Cubirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	26 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial...
27 Entrevistar responsables das compañías eléctricas sobre medidas para reducir o consumo	28 Calcular o aforro no fogar empregando lámparas led	29 Reflexionar sobre os pros e contras do estado de benestar e debater en inglés	30 Describir o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en electricidade nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta			



Igrexa da Peregrina. Bienal. Concello de Pontevedra

Maio 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Matlock (Movistar)

PROPOSTAS DE LITERATURA

El viaje de Shuna, Hayao Miyazaki

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

Anora, Sean Baker; *White Lotus* (Max); *Border River*, George Sherman (1954);
Hell Bent for Leather, George Sherman (1960)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Astilla de la misma madera, Fernando Álvarez;
As despedidas, Cecilia F. Santomé; *Tras do Ceo*, Manuel Rivas

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1 Deseñar unha cuña publicitaria sobre a importancia de ter unha familia	2 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	3 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
4 Deseñar un concurso de ideas para mellorar as infraestruturas da túa zona (zonas verdes, parques e xardíns)	5 Indagar sobre produtos de primeira necesidade en Europa no momento actual e escoller cinco elementos de consumo propios e reflexionar sobre a trazabilidade da súa orixe	6 Argumentar sobre o uso de robots intelixentes escribindo tres razóns a favor e en contra	7 Redactar un manifesto ou un decálogo para erradicar a falta de alimentos en determinadas zonas do planeta	8 Realizar unha lista de malas prácticas no teu fogar e no teu centro sobre alimentación, reciclaxe e consumo de luz e auga	9 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	10 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
11 Redactar un manifesto ou decálogo para erradicar a pobreza	12 Deseñar un <i>podcast</i> , infografía ou manifesto sobre a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas	13 Expresar con precisión e coherencia as conclusións sobre a túa visión sobre o Día das Letras Galegas, tanto verbalmente coma por escrito a través de ferramentas dixitais	14 Divulgar un informe final sobre o uso do galego escrito e oral a través das redes sociais, medios de comunicación e web do centro	15 Crear unha infografía ou cartel con alimentos de consumo diario moderado ou puntual	16 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cocinar en familia, gravación e publicación da receita	17 Fotografar palcos ou edificacións civís e senlleiras
18 Indagar a través de entrevistas sobre o uso do galego en diferentes ámbitos, facendo fincapé en que se le e que se escribe	19 Elaborar discusións argumentativas no centro educativo e na casa sobre eurocentrismo e globalización explicando os pros e contras para a humanidade	20 Elixir unha zona deteriorada da túa contorna e propoñer ideas para melloralas	21 Indagar sobre distintos museos da túa contorna e facer visitas virtuais	22 Argumentar nun texto os pros e os contras da recollida, da reciclaxe e da reutilización de residuos	23 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Hitstar, Cubirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	24 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial...
25 Crear un texto argumentativo para comunicar a existencia de buratos negros	26 Indagar sobre novos materiais, tecnoloxías etc. que xorden para responder a novas necesidades da sociedade	27 Analizar e valorar as facturas de teléfono, luz e gas e buscar estratexias para reducir o seu consumo	28 Pescudar sobre os seres vivos da zona: animais, fungos e plantas; realizar un titorial, póster ou mapa mental e rematar coa creación dun texto expositivo sobre esa temática	29 Cear coa televisión apagada e conversar coa familia sobre as novas que vos sorprendesen durante o mes ou sobre os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde	30 Colaborar cunha campaña solidaria para recadar fondos ou alimentos	31 Crear un <i>podcast</i> sobre a promoción de vida saudable



Corpus Christi. Concello de Pontearreas

Xuño 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Rapa (Movistar)

PROPOSTAS DE LITERATURA

Todas las personas que fui, Alfonso Casas

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

La virgen roja (Prime); *La infiltrada* (Netflix);

Union Pacific, Cecil B. DeMille (1939);

Across the Wide Missouri, William A. Wellman (1951)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Passion, Allan Dwan (1954); *Querer* (Movistar)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1 Buscar ecosistemas diferentes en continentes ou países e analizar similitudes e diferenzas	2 Crear un decálogo que recolla aspectos para a vida equilibrada dun ecosistema	3 Reflexionar sobre os alimentos lendo etiquetas, anotando ingredientes e debatendo sobre eles	4 Acceder á web dunha organización ecoloxista e informarse sobre algunha das súas campañas ambientais	5 Crear unha campaña para a liberación de libros Investigar sobre a pegada hídrica e crear un texto expositivo coa información	6 Reflexionar sobre os alimentos lendo etiquetas, anotando ingredientes e debatendo sobre eles	7 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
8 Realizar un mapa conceptual cos principais vestixios arqueolóxicos de Galicia	9 Formular estratexias de sostiabilidade na contorna escolar e social e presentarlhas á persoa responsable de medio ambiente do teu concello	10 Entrevistar técnicas e técnicos e autoridades medioambientais e crear un <i>podcast</i> sobre os recursos naturais da zona	11 Recompilar e analizar os datos obtidos a través de ferramentas dixitais sobre os ecosistemas da zona e divulgar a través de redes sociais, medios de comunicación e web do centro	12 Crear un <i>podcast</i> sobre ecosistemas sostibles	13 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	14 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
15 Realizar un informe para promover o turismo sostible Conversar e reflexionar sobre a temática LGTBIQ+	16 Localizar disolucións na vida cotiá e realizar algunha rexistrándoa a través de gravacións ou fotografías	17 Relacionar os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo e realizar un informe	18 Indagar sobre a arte pictórica da túa zona	19 Buscar o emprego de conectores e formas verbais en diferentes textos	20 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	21 Fotografar parques naturais da zona
22 Buscar un texto poético en inglés e resumir a súa temática	23 Explicar nun texto expositivo os tipos de contaminación da atmosfera, a súa orixe e os seus efectos	24 Localizar un libro na biblioteca municipal e lelo durante o mes	25 Describir técnicas, determinar o instrumental axeitado para os procesos cotiáns de desinfección e publicitalas	26 Comparar o crac do 29 coa crise do 2008 a partir de estatísticas	27 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Hitstar, Cubirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	28 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial ... Crear unha cuña explicando a importancia da temática LGTBIQ+
29 Explicar a través dun <i>podcast</i> o concepto de contaminación aplicado a casos concretos	30 Identificar e analizar elementos de comunicación audiovisual					

PROPOSTAS PARA O VERÁN

Xullo 2026

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Comunicar

Xogar

Observar

Consumir
responsablemente

Interpretar

Rir

Soñar

Interesarse

Comprender

Falar

Crear

Ler

Respectar

Descubrir

Participar

Querer

Conversar

Escoitar

Cociñar

Fotografar

Agosto 2026

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

Promover a saúde

Expresar

Ser
sostibles

Pintar

Limpar

Cantar

Reducir desigualdades

Gozar

Pasear

Apreciar

Indagar

Ordenar

Planificar

...



Este calendario competencial do curso 2025-2026 pretende dinamizar aprendizaxes que se realizan na familia, nos centros educativos e, por suposto, na contorna social, cultural e natural, xa que estas son moito máis significativas e duradeiras.

Este calendario ten a finalidade de facer posible que a educación sexa unha tarefa compartida e comprometida entre as familias e o profesorado como piares fundamentais xunto coa sociedade.

Coas transformacións sociais e educativas actuais urxe dotar as familias e o profesorado de estratexias para desenvolver competencias na contorna social, cultural e familiar.

Deste xeito, todas e todos serán copartícipes activos do proceso educativo.

Por outra parte, o medio social, natural e cultural é o mellor recurso curricular para aprender, para pensar, para pescudar, para cuestionarse...

As competencias promoverán, a través das situacións de aprendizaxe, o paradigma educacional de aprender a aprender e aprender facendo.

No calendario aparecen propostas de situacións de aprendizaxe para educación secundaria, sobre educación ambiental e reciclaxe, sobre o consumo responsable de luz e auga, con creación de cuñas ou *podcasts*, con actividades colaborativas corresponsables, saudables, solidarias, ecosociais e sostibles.

O noso desexo é que este calendario favoreza o desenvolvemento físico, afectivo, creativo, social e intelectual de fillas e fillos, alumnas e alumnos, de docentes e da familia dun xeito divertido e comprometido, xa que ofrece oportunidades para mellorar a linguaxe verbal oral e escrita, a comprensión e a comunicación, a atención, a memoria, a iniciativa, o emprendemento, a autonomía, a escoita activa, o pensamento reflexivo e deliberativo, a posibilidade de resolver situacións, de falar máis e mellor, de compartir etc., **sen esquecermos da competencia en comunicación lingüística (CCL), da competencia plurilingüe (CP), da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (CSTEM), da competencia dixital (CD), da competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA), da competencia cidadá (CD), da competencia emprendedora (CE) ou da competencia en conciencia e expresión culturais (CEEC).**

Todas e todos deben facilitar ferramentas, estratexias ou actuacións para poder implicarse e compartir esa educación.

Idea e deseño: T. Domínguez e B. Sousa

Deseño de actividades competenciais e situacións de aprendizaxe: T. Domínguez, M. Martín e B. Sousa

A PROVINCIA DO **DEPORTE**


Deputación
Pontevedra



Tendemos pontes
www.depo.gal

